

# CURSO BIBLIOTECA ESCOLAR. CENTRO INCLUSIVO DAS APRENDIZAXES



CÓDIGO FPROFE: S2101039

COORDINACIÓN: MARTA VALDERRAMA

- 981522411
- <cafi.zona4@edu.xunta.gal>

ONDE E CANDO:

- CAFI, planta baixa, biblioteca: mércores 23/2, xoves 10/3, xoves 17-E luns 21/3.
- CEE NAVALÓN E CEIP LAMAS DE ABADE: mércores 30/3

## OBXECTIVOS

- Salientar a importancia da biblioteca escolar como ferramenta privilexiada para a atención á diversidade, especialmente ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Analizar as características dunha auténtica biblioteca inclusiva, no referente ao deseño de espazos, mobiliario, equipamento, sinalización e servizos.
- Analizar estratexias, ferramentas e recursos, así coma experiencias prácticas de valor que promovan unha biblioteca inclusiva coma estratexia didáctica para atender a diversidade.

## NIVEL 2

## COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOCENTES:

- Educador/a guía no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento do alumnado
  - Acción tutorial e atención á diversidade.
- Membro dunha organización
  - Organización, planificación, coordinación.

## DESCRICIÓN:

- Curso de 20 horas presenciais; 5 tardes, 4h/tarde, 16:30-20:30h.
- Para todos os corpos e especialidades.
- Especialmente interesante para quen estea a implementar accións de cara a inclusión no seu centro, apoiándose na biblioteca escolar.
- Terá prioridade o profesorado da zona CAFI.

## CONTIDOS:

- Lectura e diversidade. Lectura en contextos de dificultade para a comprensión lectora.
- Deseño de espazos accesibles e adecuados nunha biblioteca inclusiva.
- Recursos, materiais e estratexias para o fomento da lectura en contextos de diversidade.
- Experiencias en bibliotecas inclusivas e no fomento da lectura con ANEAE.

## METODOLOXÍA:

Contaremos con tres formatos metodolóxicos:

1. Haberá sesións explicativas, formativas e sensibilizadoras. Con Cristina Novoa, Paz Pereiro e Ana Ordás, procúrase que argallemos entre todos e todas un esqueleto de modelo de biblioteca inclusiva para revisar a propia.
2. Tamén teremos obradoiros, coma o de lectura expresiva, con Charo Pita;
3. E contaremos, por suposto, con casos prácticos, en dúas modalidades:

- Boas prácticas que nos traerán ao CAFI (radio co CPI Suárez Marquier, voluntariado co CIFP Anxel Casal e diversidade afectivo sexual co IES Valadares).

- Roteiro de bibliotecas. Este caso é o do último día, no que se vos propón visitar in situ as bibliotecas do CEE Navalón e do CEIP Lamas de Abade.

## SEGUIMENTO:

- Das 10 horas só se pode faltar a 8 e media (15%) para poder certificar (artigo 23 da ORDE do 14 de maio de 2013).
- Agardamos que vos levedes ao saídes da formación: un esqueleto de modelo de biblioteca inclusiva para revisar a propia; e motivación para botar adiante algunha actividade de fomento da lectura altamente inclusiva.